



Plan de **IGUALDADE.**

CEIP Mestre Martínez Alonso

## Contido

1. Introducción.....	3
2. Contextualización e normativa do centro.....	6
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIQ+ fobia.....	7
4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:.....	8
4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes:.....	8
4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero:.....	8
4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual: .....	9
4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIQ+ fobia. ....	9
5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos.....	10
5.1. Organización do centro. ....	10
5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes. ....	11
5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.....	13
5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar. ....	13
6. Actuacións derivadas da situación COVID que afectan o desenvolvemento do Plan de Igualdade.....	15
7. Seguimento e avaliación. ....	15
7. Referencias lexislativas. ....	16

## 1. Introducción

Como reza o lema do noso centro: **“A cooperación é a convicción plena de que ninguén pode chegar á meta se non chegamos todos”**. E nós engadidos, todas e todes. Porque este é un dos motivos polos que traballamos en prol da igualdade de xénero; porque por tradición, este é un dos pilares básicos da nosa ideoloxía educativa: **contar coa nosa diversidade**. De ahí, que xa teñamos un treito do camiño percorrido, na ardua e longa viaxe da loita pola igualdade.

Non é novo para nós, polo tanto, coma comunidade educativa, o traballo na convivencia polo respecto da diversidade e a tolerancia. Pero é agora que todas estas medidas, todo este traballo, queda recollido nun documento oficial que acredite a nosa labor.

No tocante as medidas levadas a cabo para implementar a coeducación no ámbito da organización escolar, e máis concretamente a aquelas que aparecen coma obrigatorias na ***Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional***; coma centro xa tiñamos un **representante no Consello Escolar** responsable en materia de igualdade, que traslada a información relativa o exercicio da coeducación a toda a nosa comunidade educativa.

Ademais, tense a disposición de todo o Claustro de profesorado, todos os **protocolos e medidas de actuación para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero**. Medida tamén recollida na devandita instrucción.

A **concreción dos contidos coeducativos** está reflexada no noso PE, así coma no Plan de Convivencia e no NOF.

Para difundir os **obxectivos coeducativos** contamos cunha escola de familias, coa formación do profesorado tanto a través do CFR de Vigo,

así coma de distintas asociacións e a implementación de charlas, coloquios e talleres para o noso alumnado.

Atendendo á dita instrucción, están tamén igualmente tomadas as **medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero**. A través do Departamento de Orientación, cóntase cunha experta en identidade de xénero que favorece ó acompañamento ao alumnado e familias, para que o tránsito sexa o máis natural posible, dadas as circunstancias.

A **concreción dos contidos dunha educación afectivo sexual integral do alumnado** está en proceso de inicio no centro, mediante a promoción de charlas, coloquios e talleres de expertos na materia, ben sexan alleos ou procedentes do noso mesmo centro. Por outra banda, a promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero está presente na nosa labor docente diaria, así coma no traballo de asesoramento do Departamento de Orientación, con medidas coma o Proxecto Guíame, que acompaña ó alumnado na súa transición á Educación Secundaria.

Igualmente, son **conmemoradas e traballadas, dende os diferentes equipos e dinamizacións do centro, aquelas datas sinaladas no decreto de calendario** (máis apliado no punto 5.1, páx. 14).

Ademais destas mediadas organizativas catalogadas coma obrigatorias na Instrucción mencionada, a nosa **relación co Concello de Mos** favoreceu a creación de actividades, talleres e charlas en materia de coeducación nas que o noso alumnado participa activamente. Igualmente, cabe mencionar á **colaboración coa Universidade de Vigo** no proxecto G-book que ten coma obxectivo promover a literatura infantil positiva dende o punto de vista dos roles e modelos de xénero, unha literatura aberta, plural, variada, sen estereotipos e baseada no respecto e a diversidade.

A maiores de todo o anteriormente especificado, cabe resaltar que dende o noso **Proxecto Educativo**, xa temos exposto na parte relacionada co ideario do noso centro que somos unha escola implicada na idea de inclusión educativa, que traballa a diario na eliminación das barreiras

fomentando a transmisión dos valores de tolerancia, non violencia e respecto pola diversidade; considerando esta como medio enriquecedor da convivencia e concienciados no traballo da coeducación como modelo pedagóxico integral que fomente a igualdade entre sexos e respecte as diferencias nas identidades sexuais do noso alumnado.

Traballamos para ser unha escola democrática e participativa, desenvolvendo capacidades e habilidades para a convivencia social, a solidariedade, a participación e fomentamos especialmente a autonomía do alumnado ofertándolle a intervención activa na toma de decisións ou mediante a cooperación co centro dende postos de responsabilidade.

Por último, e en relación ao **Proxecto de Dirección**, se establecen unha serie de obxectivos relacionados coa coeducación dignos de mención:

- ★ Promover a igualdade entre mulleres e homes, loitando contra toda forma de discriminación por razón de sexo, a través de medidas inclusivas, colaborativas e non discriminatorias.
- ★ Fomentar a convivencia pacífica dun xeito o máis autónomo posible por parte do alumnado afondando na mellora da resolución de conflitos e de mantemento dun bo clima de aula e de centro, favorecendo a inclusión do alumnado neae.
- ★ Redeseñar espazos común para implementar a convivencia pacífica, a motivación, a coeducación e a inclusión, fomentando o gusto estético, a creatividade e o inxenio do alumnado.
- ★ Reforzar as relacións das familias coa escola, a través dun espazo de información, formación e reflexión dirixido aos pais e nais, sobre aspectos relacionados coas funcións parentais e de cooperación coa labor docente.

En **resumo, e como conclusión**, atendendo a esa cita da escritora Virginia Burden coa que iniciamos este documento, sirva coma mostra esta suma de persoas, de ideas, de proxectos, medidas e actividades varias, que engaden cooperativamente para chegar a esa ansiada meta: **un modelo educativo pedagóxico onde toda a nosa comunidade teña o seu espazo**, onde todes estemos representades

dando un valor de sororidade compartida ós nosos dereitos fundamentais dende a escola, un modo de facer educación e de construír unha sociedade diversa e igualitaria.

## 2. Contextualización e normativa do centro

O CEIP no que se contextualiza este Plan de Igualdade atópase situado no **Concello de Mos, Provincia de Pontevedra**.

A **zona** pódese clasificar como **semi-urbana ou semi-rural**, pois se ben o concello de Mos non posúe un núcleo urbano (está constituído por parroquias e barrios bastante diseminados e extensos), o certo é que a proximidade do Porriño e Vigo exerce unha notable influencia, actuando ámbalas dúas localidades como polos de atracción para os habitantes de Mos.

Consecuentemente pódese dicir que a meirande parte da poboación trasládase a traballar ás industrias dos dous concellos xa citados (O Porriño e Vigo), sendo minoritaria a que resta en Mos para desempregar un oficio. Do mesmo xeito podemos dicir que a dedicación en exclusiva ó cultivo da terra practicamente é inexistente, se ben en moitas familias se traballa o necesario para garantir o autoabastecemento de produtos básicos.

Polo que se refire ó **nivel cultural** este poderíase clasificar como medio e nalgúns casos como medio-baixo, apreciándose deficiencias importantes: nenos con moi pouco vocabulario, con dificultades grandes en canto a comprensión e expresión, con hábitos de traballo e estudio inexistentes, con falta de interese pola lectura, con ausencia de pautas de comportamento na familia, e, especificamente, con actitudes machistas.

O centro educativo C.E.I.P. Mestre Martínez Alonso é un Centro Público, que depende da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, onde se imparte educación Infantil e educación Primaria. Defínese como aconfesional, e que ten como principais obxectivos, a maiores de perseguir a educación integral do alumnado en todas as súas dimensións (intelectual, social, física, estética e máis ética), a súa formación no pluralismo e os valores democráticos, tendo en conta a realidade natural e socio-cultural na

que se atopa inmersa. É salientable, polo tanto, o traballo que coma claustro temos que levar a cabo no **fomento da coeducación**.

### 3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIQ+ fobia.

#### 3.1. Características do alumnado.

As específicas características do Condello de Mos, ao non contar cun **núcleo urbano**, fan que a poboación esté moi dispersa e o alumnado non reforce o traballo en materia de coeducación mediante a socialización coas amizades fóra do entorno escolar. Isto implica un dobre esforzo para que o traballo coeducativo sexa efectivo.

Non contamos, afortunadamente, con **casos de absentismo** escolar ou conductas contrarias á convivencia.

#### 3.2. Características das familias.

Existe unha **diversidade ampla** nas familias da escola, que se amosa nun grande abano de posibilidades, dende a participación activa (a maioría) ata unha actitude pasiva ou discordante.

Con respecto ao punto anterior, o traballo dende a nosa **Escola de familias, "EducAndo"**, trata de tender lazos á nosa comunidade educativa para que este traballo de centro se vexa reforzado nas casas.

Ademais, debemos mencionar a existencia de algún caso de violencia de xénero apoiado por informes xurídicos, motivo polo cal estamos especialmente sensibilizados con este tema.

#### 3.3. Características do profesorado.

Somos un claustro concienciado no valor da coeducación e da igualdade de oportunidades e nos sentimos moi comprometidos coa nosa **formación** neste ámbito. O noso afán de superación na promoción dos valores de igualdade e tolerancia vese reforzado no **traballo cooperativo** e coordinado no deseño de materiais e actividades que transmitan estes

valores ó noso alumnado. Entendemos que só dende o compromiso e o traballo de todes nós, poderemos falar de igualdade no noso centro.

## 4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:

### 4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes:

- ★ Evitar actitudes, comportamentos, xestos e manifestacións baseadas no estereotipo, que non fomenten a igualdade entre mulleres e homes, con especial consideración ás actividades e materiais educativos.
- ★ Promocionar contidos, materiais, actividades, talleres e dinámicas baseadas no respecto, a tolerancia, a empatía e a igualdade de xénero.
- ★ Orientar ás familias cara a eliminación de estereotipos de xénero en relación ao alumnado a través das titorías, escola de familias, actividades, conmemoracións, xornadas se convivencia, etc.
- ★ Asegurar a presenza de recursos destinados á formación do profesorado nos ámbitos da igualdade de xénero e coeducación.
- ★ Creación dunha identidade de linguaxe inclusiva para todo o centro.

### 4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero:

- ★ Traballar contidos relacionados co respecto, a igualdade, a xustiza e a liberdade de todas as persoas a través de contos, representacións, actividades artísticas, actividades conmemorativas, lúdicas, nos espazos de recreo, en espazos comúns, nas aulas, etc.
- ★ Consensuar unhas normas de centro, de aula e do patio baseadas na paz e o respecto entre todas as persoas que conviven na escola, garantindo así a súa liberdade.
- ★ Posibilitar espazos formais e informais de comunicación e acompañamento entre a familia e a escola para facilitar a



prevención, posible detección e resposta eficaz ante casos de violencia de xénero.

- ★ Asegurar a presenza de materiais destinados á formación do profesorado no relacionado coa prevención e detección dos casos de violencia de xénero no ámbito social e familiar das crianzas.

#### 4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual:

- ★ Evitar comportamentos, contidos e estereotipos que supoñan discriminación das persoas en función das súas características afectivo-sexuais, con especial consideración ás actividades e materiais educativos.
- ★ Promocionar contidos, materiais, actividades e dinámicas de xogo baseadas no respecto á diversidade afectivo-sexual presente na aula e no centro.
- ★ Proporcionar espazos de apoio ós procesos de tránsito coma o emprego de baños inclusivos, que garantan o respecto de todas as opcións afectivo sexuais.
- ★ Orientar ás familias cara a eliminación de estereotipos en relación ás características afectivo-sexuais do noso alumnado e o pleno respecto ás mesmas, a través das titorías, escola de familias, etc.
- ★ Asegurar a presenza de recursos destinados á formación do profesorado no relacionado á diversidade afectivo-sexual do alumnado na primeira infancia.

#### 4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIQ+ fobia.

- ★ Traballar contidos relacionados co respecto, a igualdade, a xustiza e a liberdade de todas as persoas a través de contos, representacións, actividades artísticas, actividades lúdicas e complementarias, etc.
- ★ Consensuar unhas normas de centro e de aula baseadas na paz e o respecto entre todas as persoas que conviven na escola, garantindo así a súa liberdade.
- ★ Posibilitar espazos de comunicación entre a familia e a escola para facilitar a prevención, posible detección e resposta eficaz ante casos de LGTBIQ+ fobia.

- ★ Asegurar a presenza de materiais destinados á formación do profesorado no relacionado coa prevención e detección de casos de LGTBIQ+ fobia tanto no ámbito escolar coma no social e familiar das crianzas.
- ★ Promover actividades, charlas ou coloquios, talleres e calquera outro tipo de proxectos que fomenten a loita contra o bullying de xénero.

## 5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos.

### 5.1. Organización do centro.

Tal e como se establece na **Orde anual do calendario escolar**, e con atención tamén ao establecido no **artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e in-tersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual na escola**; realizaremos actividades específicas próximas aos seguintes días relacionados coa igualdade de xénero e o respecto ao colectivo LGBTI:

- ★ **25 de novembro, Día Internacional da Non Violencia conta a Muller:** realizaranse actividades baixo o lema “Quéreme Ben” para visibilizar a problemática social da violencia machista.
- ★ **8 de marzo, Día Internacional da muller:** levaranse a cabo os talleres pola igualdade de xénero (máis ampliado no punto 5.2.3, páx. 17).
- ★ **31 de marzo, Día Internacional da visibilidade trans:** realizaranse actividades relacionadas coa transexualidade infantil, as nenas e nenos transxénero e a sensibilización e non discriminación do alumnado destas características.
- ★ En datas próximas ao **28 de xuño, Día Internacional do Orgullo LGTBIQ+:** realizaremos actividades informativas ou conmemorativas que aporten visibilidade ao colectivo.

A maiores do aquí establecido, nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOF), establecerase un marco normativo destinado a garantir o respecto á diversidade sexual e de xénero na escola, con códigos baseados nos principios de igualdade, liberdade e xustiza.

## 5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

Estas son algunhas das actividades que levamos a cabo para garantir unha ensinanza que teña como pilar fundamental a coeducación:

### 5.2.1. Formación académica, escola de familias e charlas e talleres dirixidos ó alumnado:

A nosa experiencia nos fai reflexionar na importancia que ten á hora de implementar novas metodoloxías na aula, o feito de implementalas previamente en nós mesmas. Por este motivo, coma claustro sentimos unha implicación persoal na nosa propia formación en materia de coeducación, atendendo a toda a ampla gama de coñecementos e experiencias que poñemos a diario en mans do noso alumnado.

Ademais, a creación da nosa Escola de familias, “Educando”, favoreceu que este tipo de aprendizaxes estiveran tamén accesibles ás nosas familias, proporcionando charlas en materia de xénero e dispositivos móbiles, novas modelos de parentalidades, etc.

Tamén se plantexan con certa periodicidade, charlas e talleres dirixidos ao alumnado en materia de igualdade de xénero, novas masculinidades, identidade afectivo sexual, etc. Este tipo de actividades son realizadas tanto polo persoal docente experto na materia, coma por persoas alleas de institucións e ONGs relacionadas co ámbito da igualdade de xénero ou do colectivo LGBTIQ+. Este tipo de actividades, realízanse dun xeito adaptado ó desenvolvemento cognitivo do alumnado e libres de calquera adoutramento, sempre

en concordancia con aqueles obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación referidos á igualdade de xénero con presenza no currículo.

#### 5.2.2. Patios colectivos coeducativos.

Conscientes de que a maior parte dos conflitos entre iguais, especialmente aqueles que segregan por xénero, proveñen do patio de recreo; no noso centro levamos anos traballando no proxecto O patio que soñamos, un proxecto de organización de recreos para facelos máis inclusivos, pacíficos e coeducativos. Neste marco creamos os **Patios Colectivos**, un modelo de patios dinámicos, que están basados no modelo de xogo de Gey Lagar e que fomentan a inclusión de alumnado con diversidade funcional.

Unha vez ó trimestre realizamos un **Patio Colectivo Coeducativo**. Neste tipo de recreos plantéxanse actividades que favorezan a inclusión en materia de diversidade de xénero e que ademais fomenten a liberdade e autenticidade na elección do xogo. Deste xeito, deséñanse actividades lúdicas que rompan cos estereotipos de xénero ligados tradicionalmente á división do xogo por cuestión de xénero.

Este tipo de recreos pretenden tamén que os espazos do patio de recreo sexan máis xustos e non segreguen por xénero, eliminando actividades que tradicionalmente mantiveron un rol case exclusivamente masculino, como é o caso do fútbol.

#### 5.2.3. Conmemoracións.

Tamén traballamos a eliminación de estereotipos de xénero mediante a conmemoración e o deseño de actividades específicas para aquelas datas sinaladas polo decreto de calendario que favorecen a coeducación. Neste sentido, dende o Equipo de Convivencia plantéxanse todos os anos actividades en relación ao 25 de novembro, Día Internacional da eliminación da Violencia contra a muller.

Igualmente polo 8 de marzo, Día Internacional da Muller, temos por tradición de máis de seis cursos escolares a realización de talleres relacionados cos ámbitos das artes, a literatura, o deporte e outras disciplinas que favorezan a igualdade de xénero. Deste xeito, plantéxanse todos os anos actividades sesgadas por xénero que poidan servir para visibilizar situacións de prexuízo ou simplemente favorecer a diversión dende roles inexplorados.

### 5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

Neste sentido, insistimos na realización de actividades mencionadas no punto 5.2 coma os Talleres de igualdade ou os Patios Colectivos Coeducativos, que supoñen o disfrute dos espazos dun xeito máis equitativo e libre de roles de xénero tradicionais.

Nouto eido das cousas, favorecemos a identidade afectivo sexual coa creación dun **baño inclusivo**, garantindo a todo aquel alumnado que non tendo clara ou ben entendendo a súa situación afectivo sexual como non cixénero, precise dun lugar específico para sentirse cómodo. Este tipo de espazo creado para garantir esta equidade de trato, non entrará en ningún momento en conflito co especificado no *Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e la liberdade na identidade de xénero*.

### 5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

#### 5.4.1. Obxectivos do Plan de Convivencia relacionados coa coeducación:

- ☆ Levar a cabo unha intervención preventiva como medio para lograr un bo clima de convivencia na aula.
- ☆ Fomentar actividades, espazos e tempos para mellorar as relacións entre compañeiros/as.
- ☆ Fomentar valores de convivencia como o respecto mutuo, a tolerancia, a solidariedade, empatía e a interiorización das normas de convivencia, o dialogo, a colaboración.

- ★ Desenvolver nos alumnos habilidades sociais e intelixencia emocional.
- ★ Reducir ao mínimo as conductas disruptivas que perturban o bo clima de clase para evitar a conflictividade e disminuír as conductas máis graves plasmadas nos partes de incidencias.
- ★ Priorizar a resolución pacífica dos conflitos de xeito formativo mediante o diálogo e o esforzo conxunto do profesor e os alumnos.
- ★ Proceder ante os problemas de conducta seguindo uns principios de actuación coherente que orienten as intervencións de todos os mestres de forma consensuada, evitando contradicións que desorienten aos alumnos.
- ★ Analizar as causas das conductas disruptivas e procurar resolvelas como paso previo

#### 5.4.2. Punto 7.2.7 do Plan de Convivencia:

Citando textualmente o noso Plan de Convivencia e máis concretamente no establecido no seu punto 7.2.7, realizaranse as seguintes actuacións específicas para a prevención da violencia sexista, recista ou de calquera outro tipo:

*Con obxectivo de previr os devanditos tipos de manifestacións e actuacións actuarase dende a formación en valores de igualdade, tolerancia, respecto e solidariedade, desenvolvendo iniciativas que eviten a discriminación de calquera membro da Comunidade Educativa e establecendo plans de acción positiva que possibiliten a integración destes.*

#### 5.4.3. Outras consideracións do Plan de convivencia:

Ademais do especificado con anterioridade, no Plan de Convivencia establécese un punto dedicado á prevención e tratamento da violencia sexista cos seguintes obxectivos:

- ★ Participación e contribución de familias, profesorado e alumnado encamiñada a potenciar os valores de igualdade entre os sexos.
- ★ Traballar incidindo na convivencia e afectividade con exemplos próximos a eles.